

**XERENCIA**

Casa da Balconada. Rúa Nova, 6
15782 Santiago de Compostela
Tel 881811010- Fax: 881 811210
Correo electrónico: xerente@usc.es

INSTRUCCIÓN XVI/2012 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVA AO CRÉDITO HORARIO E PERMISOS SINDICAIS DOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN DO PERSOAL

O artigo 10 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (BOE do día 14), establece que, as materias que se refiren ao tempo retribuído para realizar funcións sindicais e de representación, ao nomeamento de delegados sindicais, ás dispensas totais de asistencia ao traballo e demáis dereitos sindicais, axustaranse ao establecido no Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade sindical, e na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e que o disposto neste artigo será de aplicación o día 1 de outubro de 2012.

Para aplicar o que recollen as normas, de obrigado cumprimento, ás que fai referencia o dito artigo 10 do Real decreto lei 20/2012, unha vez informados os órganos de representación do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos, **esta xerencia**, en uso das atribucións conferidas pola Resolución Reitoral do 1 de agosto de 2011 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios, **resolve**:

1. Credito horario mensual

O artigo 41. d) do EBEP e o artigo 68 do Estatuto dos Traballadores establecen o crédito de horas mensuais dentro da xornada de traballo e retribuídas como de traballo efectivo, que para os representantes das Xuntas de Personal, Comités de Empresa e Delegados Sindicais desta Universidade son:

Xunta de Persoal de Persoal de Administración e Servizos funcionario (PAS): 35 horas ⁽²⁾
Xunta de Persoal de Persoal Docente e Investigador (PDI): 40 horas
Comité de Empresa do PAS laboral do Campus de Lugo: 20 horas ⁽²⁾
Comité de Empresa do PAS laboral do Campus de Santiago: 40 horas
Comité de Empresa do PDI laboral do Campus de Lugo: 20 horas ⁽¹⁾
Comité de Empresa do PDI laboral do Campus de Santiago: 35 horas ⁽¹⁾

Os membros das Xuntas de Persoal, Comités de Empresa e Delegados Sindicais da mesma candidatura que así o manifesten poderán proceder, previa comunicación á Xerencia, á acumulación dos créditos horarios.

2. Delegados sindicais

O número de delegados sindicais axustarase ao establecido no artigo 10 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical (BOE do día 8). A cada sección sindical dos sindicatos que obtiveron o 10 por 100 dos votos nas eleccións aos Comités de Empresa ou ás Xuntas de Persoal, correspóndeelle un delegado sindical nos órganos de representación de entre 250 e 750 electores e 2 naqueles entre 751 e 2000 electores.

3. Rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo das administracións públicas

Crearase na Universidade un rexistro de órganos de representación no que se inscribirán os actos que afecten á creación, modificación ou supresión de órganos de representación do persoal funcional e laboral; a creación, modificación ou supresión de seccións sindicais, os membros dos ditos órganos e delegados sindicais. Tamén serán obxecto de anotación os créditos horarios, as súas cesións e liberacións sindicais. Este rexistro axustarase á normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As centrais sindicais deberán comunicar á Xerencia da USC, a nova distribución do crédito horario mensual, os representantes sindicais e os delegados. A información completa deberá conter como mínimo:

Nome e apelidos

Órgano de representación ao que pertence

Condición ou non de delegado sindical ou de delegado de prevención

Número de horas de crédito sindical que lle corresponde

Número de crédito sindical que utiliza

Número de horas de crédito sindical que cede, de ser o caso

Número de horas de crédito sindical que recibe, de ser o caso

Número de horas de crédito sindical totais acumuladas.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2012

A xerenta



M^a Lourdes Batán Aira

⁽¹⁾ Corrección de errores do día 28 de setembro de 2012, rexistro de saída do día 1 de outubro de 2012, nº 9321.

⁽²⁾ Corrección de errores do día 5 de outubro de 2012, rexistro de saída do día 8, nº 9640